

PIONEIRAS #06: NOT WANTED

1641

Ida Lupino, Elmer Clifton, 1949

ESTREA EN NUMAX: 11.12.2025 | V.O.S.E. | 91 min

Tras un romance cun pianista e unha pelexa cos seus pais, unha moza de 19 anos abandona a súa casa e descobre que está embarazada.

«Acada insospeitados niveis de
tensión e de perfecta organización
espacial»

Diego Lerer, MICROPSIA CINE



Máis aló do que o ollo revela

Not Wanted abre cun plano xeral no que unha muller avanza desde o fondo da rúa ata situarse diante nosa nun primeiro plano, coma se a cámara, e nós con ela, estivésemos a esperala ancorados no noso papel, sen estar dispostos a facer o menor esforzo para saír ao seu encontro. O plano fixo, que supera o minuto de duración, non ten ningún corte de montaxe e nos seus primeiros instantes mostra sobreimpresos os principais títulos de crédito. A muller que o protagoniza móvese lentamente, nun estado case sonámbulo ou catatónico, coma se máis que moverse por unha rúa camiñase nos pasadizos interiores da súa mente. O camiñar da moza ten algo de flotante máis que de estritamente mecánico, parece que se deslízase no canto de andar a pesar de que a rúa pola que camiña é costa arriba (aparenta San Francisco pero trátase de Los Angeles) e debe de estar a supoñerlle un esforzo ao seu corpo pesado pero non á súa mente que claramente se atopa noutra parte. De súpeto, cando chega á altura da cámara, detense e tras uns segundos coa vista perdida mira cara á súa dereita, Ida Lupino tarda en mostrarnos en contraplano o suxeito que a trouxo de volta ao noso mundo.

Not Wanted é unha das películas máis fermosas e conmovedoras da Historia do cinema. Hai outras dirixidas por ela que son case tan belas como esta e coas que comparte similares preocupacións polo destino vital das súas protagonistas femininas, mentres as acompaña na dura viaxe que as leva a desenvolver a súa capacidade de curación e resistencia fronte á crueldade do mundo e dalgúns dos seus moradores. Pero a pesar desas coincidencias en ningunha outra encontro tan marcadas dúas características inusuais no cinema americano deses anos. A primeira é que a inmensa maioría das súas escenas están rodadas en plano de situación cos mínimos cortes imprescindibles. A segunda é que o seu final, a pesar da intervención masculina, non é o típico engadido en forma de rescate home namorado-muller desesperada, senón unha memorable, agónica, e ao cabo humillante carreira para tentar salvar a un conxénere que quere poñer punto final á súa vida, razón pola que Lupino elixe pechala cun abrazo e non cun bico. E probablemente decidiu rodala así porque o que uniu e salvou a eses dous personaxes ten moito máis que ver coa condición humana que co amor.

Pero tamén me apetecía escribir sobre os seus traballos como directora para expresar algo non tan visibilizado, nin tan habitual na Historia do cinema, e é o intento de chegar ao fantástico que xace debaixo da superficie do realismo (penso en Resnais, quen o tomou de Feuillade; pero tamén no Losey americano) e que a ela lle funciona sobre todo ao revés, a súa inclinación para chegar ao realismo a través dun sentido do fantástico nada evidente pero que é o que de maneira sutil vai deixar talvez a pegada máis persistente e profunda no recordo do espectador. É interesante ir rastrexando nas súas películas esas pistas, máis ou menos escondidas, máis ou menos visibles, onde o fantástico pugna por impoñerse e furar por completo a construción racional. Xa de entrada, nos seus filmes abundan localizacións urbanas ou rurais onde hai pouca xente e a pouca que hai móvese a un ritmo distinto ao dos seus protagonistas e moitas veces afastada destes, coma se formase parte de algo do que eles se teñan esgazado ou ao que nunca pertenceron do todo. As cidades e vilas de Lupino son pesados e lentos, ás veces un pouco ameazantes na súa uniformidade. É por iso que a vítima dunha violación (*Outrage*, 1950) só pode sentir angustia, medo e desazón cando falan dela na distancia, Son un pouco cidades zombis non tan afastadas d'*A invasión dos ladróns de corpos* (1956) de Siegel, ou das aventuras pre-Lynch de Herk Harvey. En realidade Lupino queda moi preto de converter a esta xente, na súa normatividade, en conscientes e deliberados destrutores de quen, aínda que fose contra a súa vontade, transgrediu a norma, ben sendo violada (*Outrage*), ben quedando embarazada sen estar casada (*Not Wanted*), ben tendo dúas mulleres (*The Bigamist*, 1953) ou ben indo nunha cadeira de rodas pero aínda así mostrándose desafiante e fermosa (*Never Fear*, 1950).